

## DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### AVALIACIÓN

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

En xeral, os criterios de avaliación para a materia son os seguintes:

- Capacidade de asimilar os contidos conceptuais propostos para cada bloque.
- Actitude mantida ante a materia e ante o desenvolvemento da mesma: formular cuestións, denotar interese, participar activamente en coloquios, realización dos exercicios, etc.
- Elaborar xuízos e criterios propios sobre os problemas que se presenten, argumentando, comunicando con rigor e aceptando distintas opinións como forma de enriquecemento persoal.
- Interpretación persoal sobre mensaxes e datos dos medios informativos sobre os problemas científicos da actualidade, analizando as medidas propostas polos responsables correspondentes.
- Manexo de conceptos á hora de realizar exercicios prácticos sobre a materia.
- Comprensión e análise de textos.
- Capacidade para manexar os conceptos adquiridos con claridade á hora de expresar unha idea, asentindo ou disentindo da opinión dos demais.
- A avaliación non se limitará a unha simple valoración de coñecementos, senón que ten como obxectivo informar sobre a evolución de tódolos compoñentes pedagóxicos.
- A avaliación será continua ou sumativa, tendo en conta non só as probas escritas realizadas en cada avaliación senón tamén o traballo en clase.

#### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Son os expostos en cada bloque, si cabe precisar sobre a realización das probas escritas

**Probas escritas:** en cada avaliación realizarase polo menos unha proba escrita para avaliar se o alumno adquiriu os coñecementos mínimos previstos para cada bloque. Esta proba constará de: preguntas curtas sobre os contidos conceptuais correspondentes, exercicios prácticos e un comentario de texto, e/ou informe de laboratorio cando corresponda, sobre os conceptos tratados para valorar o sentido crítico do alumno.

## DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

- **Cualificación cuantitativa**
  - Probas de avaliación de contidos.
- **Cualificación cualitativa :**
  - Probas de avaliación por competencias.
  - Observación directa.

- **Probas de contidos:**

Obterán cualificación positiva aqueles/as alumnos/as que teñan unha media igual ou superior a 5 puntos e ningunha nota sexa inferior a 4. Para obter unha cualificación final positiva, é condición indispensable ter superado as tres avaliacións nas que se dividiu o curso.

A cualificación de cada avaliación determinase pola suma das seguintes porcentaxes:

- Proba de avaliación de contidos: supón un 80% da cualificación.
- Traballos, prácticas e actitude suponen un 20% da cualificación, desta porcentaxe a actitude supón un 50% (máximo 1 punto).

Criterios de cualificación para cada pregunta dunha <b>PROBA ESCRITA:</b> Porcentaxes da cualificación total		
Fundamento teórico:razonamento	Plantexamento	Resolución
20%	30%	<b>50%</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• No caso de ter mal as unidades descontarase un <b>20%</b> da cualificación total</li><li>• Erro de cálculo supón un desconto dun <b>15%</b> da cualificación total</li></ul>

Criterios de cualificación para cada apartado dun <b>INFORME DE LABORATORIO</b> Porcentaxes da cualificación total				
Fundamento teórico:	Material, debuxo e identificación	cálculos	procedemento	actitude
20%	20%	25%	25%	10%

Criterios de cualificación para <b>TRABALLOS</b>
--

## DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Porcentaxes da cualificación total		
presentación	exposición	contido
20%	20%	60%

- Para aqueles/as alumnos/as que o precisen, realizaranse probas de “recuperación” ao longo de todo o curso. Igualmente haberá un exame final no que se inclúan os contidos mínimos da materia. Para aprobar a asignatura neste exame final será necesario obter como mínimo **5 puntos e que a nota da parte de Física ou a da parte de Química no sexa inferior a 4 puntos** para poder compensar.
- Na convocatoria extraordinaria de setembro para aprobar a asignatura será necesario obter como mínimo 5 puntos e que a nota da parte de Física ou a da parte de Química non sexa inferior a 4 puntos para poder compensar.

**Compre engadir que para poder cualificar cun mínimo de 5 as cuestións de formulación ou nomeamento de compostos químicos, tanto en xuño coma en setembro, é necesario ter o 75% ben formulados ou nomeados.**

### RECUPERACIÓN DA MATERIA SUSPENSA.

- Para aqueles/as alumnos/as que non adquiriron o nivel de coñecementos e competencias adecuado faranse probas escritas de recuperación para cada avaliación.
- Así mesmo haberá un exame final no que se inclúan os contidos mínimos da materia. Para aprobar a asignatura neste exame final será necesario obter como mínimo 5 puntos e que a nota da parte de Física ou a da parte de Química no sexa inferior a 4 puntos para poder compensar.
- No caso de que un/unha alumno/a teña só unha avaliación suspensa, poderá recuperala no exame final.
- En caso de ter suspensas máis dunha avaliación deberá recuperar toda a asignatura.
- Na proba extraordinaria de setembro a cualificación para aprobar deberá ser 5.

### PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE PENDENTES

## **DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

### **AVALIACIÓN DE FÍSICA E QUÍMICA PENDENTE DE 2º DE ESO E DE 3º DE ESO**

Nestes curso o sistema de recuperación é o seguinte:

- Realización de dúas probas escritas o longo do curso e outra final.
- No presente curso non se imparten clases de recuperación polo que as cualificacións corresponderán ás probas escritas.
- A primeira proba terá lugar no mes de xaneiro (se o calendario de exames de pendentes o permite, en caso contrario sería o comezo do mes de febreiro).
- Os contidos destas probas están supeditados a materia impartida durante o curso anterior. En calquer caso os/as alumnos/as serán informados detalladamente dos contidos das mesmas.
- Igualmente cabe sinalar que a materia das distintas probas corresponderase cos obxectivos mínimos do curso anterior.
- A proba final terá lugar no mes de maio e realizaríana aqueles/as alumnos/as que non superaron as probas parciais,

### **AVALIACIÓN DA FÍSICA E QUÍMICA PENDENTE DE 1º DE BACHARELATO**

No presente curso non se están a impartir clases de recuperación por falta de horas.

O plano de traballo decidido polo Departamento para avaliar os/as alumnos/as coa Física e Química pendente de 1º de Bacharelato, constará de a realización de dúas probas escritas parciais ao longo do curso e unha proba final, nas que se lles esixirá os contidos mínimos que figuran na programación de 1º de Bacharelato deste Departamento.

Realización dunha proba escrita na que figurarán exercicios e cuestións dos contidos de Química. Esta proba terá lugar no mes de xaneiro.

Realización dunha proba escrita na que figurarán exercicios e cuestións dos contidos de Física.

Estas partes avalíaranse por separado, debendo conseguir como mínimo un 40% da nota total nunha das partes e compensar o 60% restante coa outra parte.

Se despois destas probas, o/a alumno/a non conseguira a valoración positiva dos contidos mínimos, cunha nota mínima de 5, poderá realizar unha proba fi-

## **DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

nal destas partes no mes de maio , debendo conseguir nesta proba un mínimo dun 40% nunha das partes e compensar o 60% restante coa outra parte.